



INFORME SOBRE AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2025

En execución da Resolución da Alcaldía Presidencia de data 23 de xullo de 2024 e das directrices do Sr. Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda relativas a avaliación do estado de gastos e ingresos para a formación das Liñas fundamentais do Orzamento do ano 2025, elabóranse os devanditos estados, xustificando en cada caso a obtención das contías de cada un dos capítulos dos estados de gastos e ingresos e da situación do endebedamento.

Normativa

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Directiva 2011/85/EU, do Consello, de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados Membros.

Regulamento (CE) n° 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Regulamento (UE) n° 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para dar cumprimento á remisión de información sobre as liñas fundamentais do orzamento do ano 2024.

Antecedentes

O Ministerio de Facenda, como todos os anos solicita a través da plataforma a información sobre as liñas fundamentais do orzamento do ano 2025, permanecendo en estado de incorporación de información até as 24,00 horas do día 14/09/2024.

O artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/21012, en adiante (LOEOeSF), establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (agora Ministerio de Facenda e Función Pública), información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, aos efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, redactado polo apartado nove do artigo único da Orde



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 1 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, establece a condición que a mesma obriga a todos os entes que conforma o Sector público, cuxo perímetro defínese máis abaixo, que antes do 15 de setembro de cada ano remitiranse as liñas fundamentais do orzamento.

Resolución do Sr. Alcalde de 23 de xullo de 2024 de inicio do expediente.

Directrices do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda de data 12 de agosto, nas que se fixan os criterios que debe conter a formación das Liñas fundamentais do Orzamento.

Previsión de execución do ano 2024 dos estados de gastos e ingresos do grupo de consolidación.

Contido da información a subministrar

De acordo coa instrumentación do principio de transparencia, a Corporación deberá informar, tal e como dispón o artigo 15.1 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, sobre os seguintes puntos:

- a) Definición das principais políticas que inspiran o orzamento con indicación das medidas de ingresos e gastos nas que se basean.
- b) Saldos orzamentarios e explicación da súa adecuación ao obxectivo de estabilidade fixado. Toda a información complementaria que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade e necesidade de financiamento calculado conforme a normas do sistema europeo de contas.
- c) Información sobre os ingresos previstos no proxecto de orzamentos, tanto no relativo aos recursos do sistema de financiamento suxeitos a entregas a conta e posterior liquidación como ao resto de ingresos nas súas principais rúbricas.
- d) Información sobre as dotacións de gastos contidas no proxecto de orzamento e as súas evolucións respecto ao exercicio precedente.
- e) Modificacións significativas nos criterios de orzamentación que permitan unha comparativa homoxénea co exercicio precedente.
- f) Información sobre as diferenzas existentes nos obxectivos e previsións, así como nas medidas ou resto de variables consideradas para a elaboración das liñas fundamentais dos Orzamentos do exercicio seguinte, en relación ás utilizadas para a elaboración do plan orzamentario a medio prazo establecido no artigo 6 da devandita Orde. De producirse diferenzas, debe procederse á remisión da información actualizada relativa ao devandito plan orzamentario.
- g) O estado de previsión de movemento e situación da débeda.
- h) O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite de débeda.

Principios básicos das liñas fundamentais do orzamento.

O Orzamento baséase no cumprimento de forma integrada dos seguintes principios:

Equilibrio Orzamentario: Os recursos que se xeren teñen que ser suficientes para financiar os gastos de cada exercicio económico.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 2 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Estabilidade Orzamentaria: A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos do Concello de Vigo deberán dar como resultado unha situación de equilibrio ou superávit estrutural.

Sustentabilidade Financeira: Entenderase por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na LOEOeSF, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Existe sustentabilidade da débeda comercial, cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.

Planificación económica: As políticas de gasto público deberán encadrarse nun Plan de planificación plurianual, programación e orzamentación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A Planificación orzamentaria basearase no escenario marco-orzamentario máis probable ou nun escenario máis prudente. Sobre este extremo, xa foi remitido nos prazos legais previstos o Marco Orzamentario do período 2025-2027 e asinado en data 25/03/2024, nº rexistro REGAGE24e00022437059 , sobre o que se sustancia agora as liñas fundamentais do orzamento.

Perímetro de consolidación do Grupo Concello de Vigo

A información estará expresada en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria. En consecuencia, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de:

Entidade local principal, que é a entidade matriz .

Organismos Autónomos dependentes da entidade local principal.

Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

Os entes que conforman o perímetro de consolidación tomaranse da información que consta no Inventario de Entes do Sector Público Local.

No Inventario de Entes do Sector Público, figuran como Entes do Grupo:

Concello de Vigo .

Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU).

As Fundacións seguintes: (MARCO e CONVENTION BUREAU).

Entes que non forman parte do perímetro de consolidación

Sociedade Universitaria SA. Participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

Consortio Casco Vello de Vigo. A participación é minoritaria, representa o 10% da totalidade das achegas, formando parte do perímetro de consolidación do Orzamento da Xunta de Galicia.

Participación na Empresa de Servizos Mortuorios. O Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100. Existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, a partires da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 3 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Legislativo 7/1996, de 7 de xuño, transformouse a forma de prestación do servizo, a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica créase o 27/09/2001. A participación é consecuencia da transformación da sociedade mercantil, e non supuxo desembolso algún con cargo o orzamento da Entidade Local.

Financiamento dos entes que conforman o grupo

O financiamento da Fundación MARCO é maioritariamente a cargo do Concello, financiando o 69,26% do seu orzamento no ano 2023 e o previsto no ano 2024 é do 74,2%, e a da CONVENTION BUREAU, é do 40%, aínda que o seu Orzamento, contén outra previsión para o Plan de promoción das Illas Cíes, sendo o financiamento público da matriz, do 88% e do 90% no ano 2024 polo que, a consolidación non vai ter repercusión algunha, xa que hai que anular as transferencias de financiamento que se fan ás Fundacións.

Obxectivos de cumprimento da regra do gasto, estabilidade e endebedamento

O Orzamento e as liñas fundamentais deben ter en conta os obxectivos das regras fiscais de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e o límite de débeda, expresados en termos porcentuais sobre o PIB.

O artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, relativo ao establecemento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas, sinala no seu apartado primeiro que corresponde ao Goberno da Nación dentro dos seis primeiros meses do ano a fixación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública referidos a o tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

O apartado segundo establece que para a fixación do obxectivo de estabilidade orzamentaria terase en conta a regra de gasto reflectida no artigo 12 da LOEOSF, a cal será a referencia a ter en conta pola Administración Central e cada unha das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais na elaboración dos seus orzamentos, que marca a evolución do gasto.

Aos efectos previstos no parágrafo anterior, antes do 1 de abril de cada ano o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas remitirá as respectivas propostas de obxectivos ao Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e á Comisión Nacional de Administración Local, que deberán emitir os seus informes nun prazo máximo de 15 días a contar desde a data de recepción das propostas na Secretaría Xeral do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e na secretaría da Comisión Nacional de Administración Local.

Con data 15 de xullo, o Goberno da Nación elevou á Comisión Nacional de Administración Local os obxectivos das Regras Fiscais para o período 2025-2027.

Regras fiscais ano 2025

O Consello de Ministros en sesión do 16 de xullo de 2024, aprobou a proposta que someterá ás Cortes Xerais sobre os obxectivos das regras fiscais para o período 2025-2027.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 4 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Estabilidade

	2024	2025	2026
Sector público			
Subsector local	0,20%	0,10%	0,20%
Conxunto das AAPP	-3,00%	-2,70%	-2,50%
Capacidade/necesidade de financiamento, SEC-2010, % do PIB			

Nova senda aprobada polo Consello de Ministros o 16/07/2024, rexeitada polo Congreso o 23 de xullo.

	2025	2026	2027
Subsector local	0,00%	0,00%	0,00%

Regra de gasto

	2024	2025	2026
Regra de gasto para o conxunto das AAP	2,60%	2,70%	2,80%

Nova senda aprobada polo Consello de Ministros o 16/07/2024, rexeitada polo Congreso o 23 de xullo.

	2025	2026	2027
Regra de gasto para o conxunto das AAP	3,20%	3,30%	3,40%

Endebedamento

	2024	2025	2026
Sector público			
Subsector local	1,40%	1,30%	1,30%
Conxunto das AAPP	106,30%	105,40%	104,40%
Débeda segundo o Protocolo de Déficit Excesivo, % do PIB			

Nova senda aprobada polo Consello de Ministros o 16/07/2024, rexeitada polo Congreso o 23 de xullo.

	2025	2026	2027
Subsector local	1,30%	1,30%	1,20%





Taxas de referencia de 2025.

Ao ser rexeitado polo Congreso en sesión do 23 de xullo de 2024 o acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo, aos efectos das regras fiscais, ten carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o Subsector Local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, de 28 de abril de 2023, valorado favorablemente polo Consello, que son os que se reflicten nos párrafos precentes.

O Ministerio de Facenda xa fixou a evolución dos ingresos a conta do ano 2025 así como a contía da Liquidación do ano 2023.

O subsector local queda sometido a un obxectivo de superávit, aínda que difícil de aplicar a cada entidade local, xa que non é coñecido que contribución fai individualmente cada entidade á formación do PIB nacional, polo tanto, a análise e a obriga de cada ente do subsector local, e liquidar o Orzamento do ano 2024 en equilibrio ou superávit.

En canto ás previsións do ano 2025, non se establece a priori unha ratio de inexecución, vaise a tramitar e aprobar un orzamento en equilibrio, o superávit virá determinado pola inexecución que se produza así como pola aplicación da neutralidade dos FMRR.

Ao marxe de estar determinadas unhas taxas de referencia do déficit/superávit, as EE.LL sempre teñen que dar cumprimento ao equilibrio orzamentario que está vixente en aplicación do previsto no artigo 165 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de tal forma que o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade, e ao principio de responsabilidade fiscal ao que se refire o artigo 8 da LOEOSF e o resto da normativa hacendística.

Deberá aprobarse polo Concello o límite de gasto non financeiro do exercicio 2025 (art. 30 LOEPSF), que virá condicionado pola normativa orzamentaria e polos criterios de contabilidade nacional.

Os ingresos non financeiros marcarán ese teito de asignación de recursos, aínda que pode ocorrer que o importe total de gastos non financeiros sexa superior ao total de ingresos non financeiros sempre que se cumpra:

- a necesaria nivelación orzamentaria requirida polo TRLRHL en canto ao total dos ingresos e gastos (capítulos I a IX)
- e a nivelación dos ingresos correntes para absorber os gastos correntes e a amortización de débeda do exercicio (se é o caso).
- A nivelación en termos de estabilidade, que a suma dos capítulos 1 ao 7 de ingresos sexa maior ou igual que a dos capítulos do 1 ao 7I gastos cos axustes que estén previstos na normativa vixente.

Orzamento de partida aos efectos de fixar as liñas fundamentais

A base de cálculo é a Liquidación Orzamentaria do ano 2023, aprobada por Resolución do Sr. Alcalde Presidente de data 07/02/2023, da que, se deu conta ao Pleno do Concello na sesión ordinaria do 26/02/2024, que foi enviada ao MINHAC, e do Orzamento para o ano 2024 aprobado con carácter



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 6 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



definitivo polo Pleno da Corporación en sesión do 27/12/2023, sendo estas as bases de cálculo para proxectar a Liquidación do ano 2024 e o proxecto orzamentario do ano 2025.

Hay diferencias en relación co Marco Orzamentario 2025-2027, sendo as máis relevantes as seguintes:

No Estado de ingresos, no Marco Orzamentario non se tiña reflectida a estimación da Liquidación definitiva pola cesión de ingresos e FCF do ano 2023 por falta de información, que agora hai que estimar nas Liñas fundamentais cos datos publicados polo Ministerio de Facenda en termos globales, sendo a liquidación positiva de 2.042 millóns, que tendo en conta a Liquidación definitiva do ano 2022 de 4.784 millóns e a que lle corresponde a Vigo, 19,6 millóns, a previsión de liquidación definitiva do ano 2023, resulta estimable en 8,4 millóns.

En relación coas entregas a conta, o Marco orzamentario establecía unha variación do 2,5% en relación coas entregas a conta do ano 2024, e as informadas polo Ministerio de Facenda, son dun 13,1% en relación coas entregas a conta do ano 2024 regularizadas, que comencan a ingresarse a partires de xullo de 2024.

En relación cos gastos, as variacións salientables van a producirse no capítulo 2, pola anualidade do contrato de xestión-valoración integral de residuos e o novo imposto sobre o tratamento de residuos que ten causa na Lei 7/2022 e na anualidade prevista. Novo servizo na caneira municipal e na apertura e peche dos Colexios Públicos de Primaria, o novo contrato do SAF que si non hai prórroga do vixente, terá que entrar en vigor o 1 de decembro do ano 2024, as compensacións ao TUC polo efecto COVID19, o programa de avellentamento activo, contrato de alumeado do nadal, a modificación do contrato de mantemento do pintado de viais, o mantemento das instalacións de alumeado e túneles, o novo contrato de limpeza das instalacións municipais, entre outros.

No entanto, tamén hai outros servizos e subministros que baixan, entre outros, o subministro eléctrico, que baixa máis de TRES millóns de euros, así como a dotación que figuraba no programa 4411, que pasa do capítulo 2 ao 4. No programa 1532, tamén diminúe o programa de mellora de firmes da Deputación de Pontevedra, o custe imputable a este capítulo pasa dos 2,3 millóns a 1 millón de euros.

Capítulos	GASTOS		INGRESOS	
	Marco de medio prazo	Liñas fundamentais	Marco de medio prazo	Liñas fundamentais
1*	1,50%	3,55%	2,50%	4,33%
2	2,00%	1,45%	2,50%	8,90%
3	0,50%	0,00%	2,50%	2,72%
4	1,00%	4,00%	2,50%	-1,10%
5			2,00%	-0,01%
6	32.687.000,00	44.000.000,00		
7**			18.000.000,00	20.000.000,00

* Está previsto a creación de novas prazas, SPEIS, Benestar Social e Área Económica.

** No está incluído o convenio de investimentos Deputación 2024 - 2025.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 7 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Competencia para a aprobación das liñas fundamentais do orzamento do ano 2025.

De conformidade co previsto no artigo 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, e será aprobado pola Xunta de Goberno Local e someterase a aprobación do mesmo ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión informativa de Orzamentos e Facenda.

En consecuencia, é o Alcalde-Presidente da Corporación quen debe fixar os límites dos orzamentos dentro dos obxectivos fiscais ou taxas de referencia previstas en cada caso, todo elo sen prexuízo da competencia do Pleno da Corporación para aprobar os Orzamentos anuais formados e propostos polo Alcalde-Presidente, aínda que se deberá dar conta ao Pleno da Corporación, por ser este o órgano que ten competencia para aprobalos, aínda que esta dación de conta non é vinculante.

En execución dese mandato legal, elaboráronse as liñas do orzamento que agora van ser sometidas á aprobación.

Polo tanto, sométese á decisión do Sr. Presidente da Corporación, a aprobación para a súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, as liñas fundamentais do orzamento do ano 2025.

Criterios tidos en conta para a formación liñas orzamentarias

As liñas fundamentais do orzamento da entidade local deberán elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local (SEC-2010).

A información está en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de: Entidade local principal, Organismo Autónomo dependente da entidade local principal, Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais e estean sectorizados como Administración Pública, incluíndo ás Fundacións MARCO e CONVENTION BUREAU.

Non hai modificacións significativas nos criterios de orzamentación que dificulten unha comparativa homoxénea co exercicio precedente, coa excepción de reflectir no Orzamento do ano 2025 a evolución no gasto corrente que ten causa nos prezos dos subministros enerxéticos, os novos contratos que se relacionan e a variación de prezo de determinadas prestacións que están en licitación que entran en vigor no ano 2025.

Variacións en relación co previsto no marco orzamentario de medio prazo (estados consolidados).

Capítulo	Gastos en millóns		L-M	Ingresos en millóns		L-M
	Marco Orz.	Liñas Fundamentais	Diferencia	Marco Orz.	Liñas Fundamentais	Diferencia
1	85,06	86,7	1,64	120,35	122,59	2,24
2	163,05	162,2	-0,85	11,19	10,89	-0,3
3	0,52	0,52	0	45,84	46,04	0,2
4	32,52	33,55	1,03	113,88	122,96	9,08
5	0,6	0,6	0	5,97	5,71	-0,26
6	32,99	45,45	12,46	0	0	0
7	3,39	3,9	0,51	18,1	19,9	1,8
8	0,53	0,53	0	0,53	2,86	2,33



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 8 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Gastos

No capítulo 1 do estado de gastos a variación non é significativa. A estimación prevista no Marco Orzamentario de medio prazo, era dunha variación do 1,5% en relación co ano 2024. O RD-lei 4/2024, no seu artigo 6, fixou unha actualización do 2% para o ano 2024 para a súa aplicación no mes de xullo, e un incremento retributivo adicional e consolidable do 0,5 por cento, respecto das retribucións vixentes a 31 de decembro de 2023, si a suma da variación do IPCA dos anos 2022, 2023 y 2024 superara o incremento retributivo fixo acumulado de 2022, 2023 y 2024. A variación do IPC no ano 2023, foi do 3,1%, a prevista para o ano 2024, está por encima, elevándose ao 3,4%.

Tamén hai que ter en conta a Resolución de 7 de febreiro de 2024, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 6 de febreiro de 2024, polo que se aproba o incremento do 0,5 por cento nas retribucións do persoal ao servizo do sector público en aplicación do previsto no artigo 19.Dous.2.b) da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

Para o ano 2025, vaise a considerar unha subida do 2% sobre a base das retribucións xa incrementadas o ano 2024. Tería efectos desde o 1 de xaneiro de 2025 si a Lei de Orzamentos Xerais fose aprobada e publicada dentro do ano 2024 e tivese previsto a actualización salarial, en caso contrario, as retribucións serán as que fixe a normativa de aplicación en cada caso. .

No capítulo 2, a variación non é importante, sendo as causa máis importantes as seguintes:

Estaba previsto un incremento do 2% e a variación vai ser do 1,3-1,4%, cuxa xustificación está na baixada de custes do subministro eléctrico, e a baxia na previsión que figuraba neste capítulo no programa 4411.

Hai variación á laza que ten causa na anualidade do contrato de xestión integral e valorización dos residuos sólidos urbanos, o impacto orzamentario vai a repercutir na totalidade do ano e no custe de tratamento en SOGAMA, producíndose un incremento no custe tonelada até os 88,05 + IVE euros, actualizado co IPC do ano 2024.

No capítulo 4, a variación está na achega aos usuarios do TUC, o incremento á subvención ao Marisquiño, aumento nas subvencións aos comedores benéficos e ás achegas aos clubs e asociacións deportivas.

Capítulo 6. A diferenza ten causa na, variación do superávit inicial, sendo a causa a previsión na liquidación pola cesión de tributos e fondo complementario de financiamento, estimado en 8,4 millóns, non previsto inicialmente no marco orzamentario e na variación das entregas a conta que estaban previstas cunha variación do 2,5% sobre o ano 2024 e finalmente a variación é do 13,1%.

A variación dos empregos neste capítulo comparando o marco orzamentario e as liñas fundamentais do Orzamento é de 12,46 millóns.

A variación total entre o Marco orzamentario e as liñas fundamentais, e de 14,79 millóns de euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 9 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Ingresos

Capítulo 1.- En canto aos ingresos, a variación do capítulo 1, ten causa na actualización das Ordenanzas Fiscais, que supón unha mellora nas previsións do IBI, IAE e IVTM. Así mesmo, a previsión nas entregas a conta na cesión do IRPF. A variación é de 2,24 millóns.

No capítulo 2.- A variación é insignificante, o seu fundamento ten causa no mellora prevista no ICIO e a merma nas entregas polo IVE.

No capítulo 3, a variación é tendencial e da actualización das Ordenanzas Fiscais, a variación é insignificante, 0,2 millóns.

O capítulo 4, a variación ten as seguintes causas: i), a liquidación positiva na PIE do ano 2023, por un contía de 8,4 millóns, non prevista no Marco orzamentario de medio prazo, xa que non se dispoñía da información, ii) unha estimación na variación do FCF do 13,1%. O ingreso correspondente á Liquidación definitiva da cesión de tributos do Estado e do FCF correspondente ao ano 2023, non é recorrente, polo que, a variación entre o ingreso corrente e o gasto ordinario, debe e ten que ser maior que a contía do importe da liquidación do ano 2023, así está verificado.

A variación neste capítulo en relación co marco orzamentario é de 9,08 millóns.

Capítulo 5.- Non hai variación.

O capítulo 7. Inclúe o convenio asinado co MITMA en relación coa mellora da estrada da Avda. de Madrid por un importe de 6,1 millóns que tivo axuste de anualidade e convenio coa Deputación de Pontevedra pola humanización de S. Roque entre G.Espino e Ruiseñor, Vigo Vertical, P.Colmeiro Cunqueiro accesibilidade Camelias Hispanidade por 1,5 millóns, J.Benavente Torrecedeira e Grada Gol Balaidos. A variación en relación co previsto no Marco Orzamentario é de 2,85 euros.

Segundo a Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, os gastos do ano 2025 tomaranse segundo as dotacións iniciais, mentres que as do ano 2024, faranse tendo en conta as previsións de obrigas que se van a recoñecer na Liquidación do Orzamento. É dicir, para o ano 2024, segundo o formulario F.2.1.2, debe facerse a proxección da Liquidación do estado de gastos, mentres que para o ano 2025 son as dotacións iniciais. A heteroxeneidade dos criterios, vai amosar unha variación entre a previsión de Liquidación coñecida a esta data coas previsións iniciais do ano 2025.

Hai unha estimación de obrigas recoñecidas na previsión da Liquidación do ano 2024 por contía inferior cos créditos iniciais previstos para o ano 2025.

Os criterios que se tiveron en conta para a variación do gasto, teñen a súa base de cálculo, na plantilla efectiva coa actualización prevista, nos contratos de servizos, na xestión dos servizos públicos, nos gastos operativos e de funcionamento, nos de mantemento, nas transferencias ao transporte público, plans de emprego, investimentos necesarios, etc.

As previsións de liquidación do orzamento do ano 2024, ten o seu fundamento nas porcentaxes de obrigas recoñecidas nos últimos TRES anos. Ademais do histórico, tamén se toma en consideración as obrigas recoñecidas a esta data así como os expedientes en trámite correspondentes aos investimentos e as previsións de obrigas que en cada caso poden xerar ao longo do ano 2024, de aí, que a base de cálculo que se está a ter en consideración, é unha base obxectiva con un grado obxectivo de certeza.

No caso das previsións do gasto que se prevé executar no capítulo 6 (investimentos), representa un 46,5% das previsións definitivas, prevéndose un nivel de execución alto no segundo semestre, aínda que non se alcanzaron os obxectivos previstos no primeiro semestre.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 10 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



A variación deste capítulo entre o Orzamento aprobado o 27/12/2023 para o ano 2024 e o definitivo a esta data, en termos consolidados é de 47,02 millóns de euros, pasando dos 37,43 millóns de euros a 84,45 millóns euros, tendo causa esta variación na incorporación de remanentes, por unha contía de 25,8 millóns de euros (entidade e XMU) e na modificación orzamentaria 11,11A/24, por unha contía de 19,13 millóns, outras modificacións 1,3 millóns na Entidade e de 0,70 millóns na XMU.

Análisis por capítulos

CAPÍTULO 1 (Gastos de Persoal).

En relación cos acordos e pactos suscritos entre a ministra de Facenda e Función Pública, o responsable de Área Pública de CCOO e o secretario xeral de UXT-Servizos Públicos que se toman en consideración aos efectos de cuantificación.

Para o ano 2025, vaise a considerar unha subida do 2% sobre a base das retribucións xa incrementadas o ano 2024. Tería efectos desde o 1 de xaneiro de 2025 si a Lei de Orzamentos Xerais fose aprobada e publicada dentro do ano 2024 e tivese previsto a actualización salarial, en caso contrario, as retribucións serán as que fixe a normativa de aplicación en cada caso.

En aplicación do devandito acordo, ao efecto de avaliar as previsións orzamentarias, o cálculo dos conceptos retributivos do capítulo 1 se revisará ao 2,00%, coas excepcións das aplicacións que se relacionarán neste informe.

En resumo o cálculo para o ano 2025 será do 2,5% en relación co ano 2023 e sobre esta base, o 2%, tendo en conta ademais a Resolución de 7 de febreiro de 2024, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos. **Ano 2025= Retribucións 2023*1,005₂₀₂₃*1,025₂₀₂₄ *1,02₂₀₂₅.**

De resultar que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2025, contemplase unha actualización distinta, as retribucións variarán en función do que estableza a Lei, en máis ou en menos. Se a variación fose maior, esta se aplicará con cargo ás dotacións das prazas vacantes e o gasto efectivo imputaríase á bolsa de vinculación xurídica dos créditos, que como é coñecido, as Bases de Execución do Orzamento establecen a Área e o Capítulo para os gastos de persoal, coas excepcións que se regulan nas devanditas Bases para as aplicacións de produtividade, gratificacións, contratos temporais e custe da seguridade social de este tipo de contratos.

En canto á revisión das bases de cotización da Seguridade Social a cargo do empregador, a revisión será do 2%.

Esta actualización só será aplicable aos seguintes conceptos: 100, 110, 120, 121, 130, 143 e aos axustes que procedan nas bases de cotización da SS.

A Área de Recursos Humanos e Formación, terá en conta na formación dos custes do capítulo 1, as directrices asinadas por esta Concellaría e remitidas para a avaliación das previsións do ano 2025.

A actualización será de aplicación ao perímetro de consolidación: Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación Convention Bureau e á Fundación MARCO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 11 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Tendo en conta o número de prazas en OEP, estando dotadas para todo o ano, a inexecución deste capítulo estímase nun 10%.

CAPÍTULO 2 (Gastos en bens correntes e servizos).

A variación que xustifica á alza, ten causa na anualidade do contrato de xestión integral e valorización dos residuos sólidos urbanos, o impacto orzamentario vai a repercutir na totalidade do ano e no custe de tratamento en SOGAMA, producíndose un incremento no custe tonelada até os 88,05 + IVE euros, actualizado co IPC do ano 2024.

O custe de tratamento de residuos sólidos urbanos con tratamento en SOGAMA pola aplicación do previsto no artigo 93 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, de acordo aos datos do propio servizo, será asumido pola Xunta de Galicia.

En relación coa dotación necesaria para a xestión integral dos residuos, estará formada polos datos do propio servizo, que conforma a parte fixa do contrato, a amortización e financiamento dos investimentos, a parte variable en función da fracción do contedor marrón e o modificado previsto do ano 2024. A anualidade de SOGAMA, tomarase co novo custe tonelada, aínda que, tendo en conta a variación a baixa no número de toneladas polo incremento de toneladas dos residuos reciclados, onde está os do contedor marrón, a variación é menor.

O mantemento de xardíns e parques infantís ten o incremento que supuxo a entrada en vigor do mantemento de novas zonas como a Gran Vía, o novo espazo Vialia, Parque Nelson Mandela, etc, a estimación de gasto que se prevé incrementar polos axustes de anualidade e pola entrada de novas zonas de mantemento, deberase prever un custe adicional tanto no lote I como no lote II.

O contrato do SAF con maior nº de horas de prestación a un custe de hora superior con causa na evolución salarial pola variación á alza do IPC para o período novembro-décembro do ano 2025.

Novo servizo na caneira municipal.

Contrato de apertura e peche dos colexios públicos.

Ampliación do servizo de mantemento da infraestrutura mecánica nas rúas, servizo de mantemento de viarios, limpeza de colexios e edificios municipais, servizo integral de comunicacións.

Contrato de limpeza da infraestrutura mecánica nos espazos de dominio público.

Cobertura de Responsabilidade Civil.

Novas licitación dos contratos de Escolas infantís, así como os axustes en aquelas prestacións que están suxeitas á variación de algún índice (PIB, Convenios laborais, etc). A súa dotación, deberá incluír a totalidade dos contratos vixentes así como os que están en tramite, tendo en conta as revisións de prezos previstas na Lei do contrato.

É de esperar que o incremento estea no entorno do 1,3% -1,46% en relación coa dotación do ano anterior.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 12 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Hai que ter en conta que a variación que se está a fixar en relación ao ano 2024, é sobre os créditos iniciais, non sobre a liquidación prevista.

Así mesmo, o conxunto dos empregos non financeiros deberá estar dentro das posibilidades/estimacións do que se acorde en relación coa Taxa de Referencia de crecemento do Produto Interior Bruto da Economía Española a medio prazo (TRCPIB), que segundo a previsión vixente, é do 2,7% ou do 3,2% se se ten en conta o acordo do Consello de Ministros do 16/07/2024, que resultou rexeitado polo Congreso dos Deputados

CAPÍTULO 3 (Gastos financeiros).

Os gastos financeiros reflectidos neste capítulo refírense ás consignacións de pagos de intereses de demora, execución de avais e outras garantías. Non hai que facer dotación algunha para custes financeiros, xa que o Concello non ten débeda financeira, polo que non hai devengo de xuros por préstamos. A dotación que se reflecte, é para facer fronte aos gastos de xuros por devolución de ingresos.

CAPÍTULO 4 (Transferencias e Subvencións Correntes).

Neste capítulo están as subvencións a actividades ou estímulo concretos e noutros casos, son transferencias de financiamento, como é caso do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións, Mancomunidade, Entidade Menor de Bembrive. Pola súa importancia, a maior contía corresponde á subvención aos usuarios do Transporte urbano colectivo, que tendo en conta a condición de usuarios descoñecidos, o prezo de billete é único para todos os usuarios, e se subvenciona unha parte do custe a determinados colectivos por razóns de rendas e outras causas. Neste ano faise un incremento importante neste programa, xa que se espera que, tendo en conta o incremento do convenio provincial do sector do transporte de viaxeiros, que a variación da tarifa para o ano 2025 sexa relevante e o Concello terá que adoptar acordo sobre que parte da mesma vai estar financiada con cargo ao Orzamento da Entidade.

O Marco Orzamentario de medio prazo, prevía unha variación do 1%, as máis salientables son a subvención ao TUC, Marisquiño, Transferencia de financiamento a XMU, axudas a becas de libros e comedor, Fundacións, etc.

Hai previsións de incrementos neste capítulo en $\pm 5\%$ en relación co ano 2024, sempre en termos de estados consolidados. É necesario incrementar a achega á XMU e as Fundacións do perímetro de consolidación polo incremento do capítulo 1 nun 2,5%. Igualmente, facer os axustes na subvención aos usuarios do TUC por UN millón de euros, incremento en axudas de emerxencia.

CAPÍTULO 5 (Fondo de Continxencia).

O Fondo de continxencia terá unha dotación de 600.000,00 euros, igual que no 2024.

Non se prevé utilización deste fondo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 13 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CAPÍTULO 6 (Investimentos reais).

Neste capítulo teñen que reflectirse os acordos asinados con outros axentes financiadores e se fose o caso, o financiamento que corresponda en relación cos fondos NextGeneration (FMRR) pola anualidade do ano 2025.

Ao financiamento propio, haberá que engadir o cofinanciamento doutras administracións a proxectos de investimento concretos.

A Área de Fomento ten que incorporar os convenios asinados até a data con outras administracións.

Asi mesmo, incorporaranse as anualidades dos gastos plurianuais dos investimentos financiados con financiamento propio que tiveron o seu inicio no ano 2024 ou anteriores e que teñen anualidade no ano 2025.

A variación deste capítulo en relación cos créditos iniciais do ano 2024, é do 21,40%.

CAPÍTULO 7 (Transferencias e subvencións de capital).

A dotación será a que se corresponda coa convocatoria anual de axudas aos distintos colectivos sociais e AA.VV, as axudas a novas ou melloras de instalacións deportivas e axudas para a mellora de infraestrutura de inmobles das asociacións sen ánimo de lucro.

No caso do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, os Fondos do MRR relativos ao financiamento de axudas á rehabilitación de vivenda, supón unha dotación neste capítulo, segundo o plan aprobado de 1,99 millóns de euros, que representa unha variación salientable neste capítulo.

A variación total deste capítulo é do 37,88%

A execución neste capítulo vai a ter unha relación directa coa tramitación das axudas do fondo do MRR da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Tamén se incorpora unha subvención para a mellora das instalacións municipais da Madroa que están cedidas en uso ao R.Club Celta.

CAPÍTULO 8 (Activos financeiros).

Os activos financeiros están constituídos por anticipos de pagas ao persoal, coa súa contrapartida en ingresos.

CAPÍTULO 9 (Pasivos financeiros).

Comprenden os pasivos financeiros correspondentes aos gastos por amortización de pasivos financeiros; devolución de depósitos e fianzas. Non hai saldo pendente de débeda financeira, tampouco amortización de pasivos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 14 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



MEDIDAS DO ESTADO DE INGRESOS

As Ordenanzas fiscais vixentes e as modificacións en trámite prevén a actualización de tipos, polo que, as variacións que se produzan nos capítulos, agás do 4 e 7, serán as que teñan causa na revisión das Ordenanzas municipais e as asociadas a axustes de padróns, variacións tendenciais e axustes técnicos.

CAPÍTULO 1 (Impostos directos, IBI, IAE, IIVTNU, IVTM, Cesión IRPF).

Os impostos directos regulamentados na Orde EHA 3565/2008, son os seguintes: Imposto de Bens Inmóbeis, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, reflectíndose neste capítulo a cesión por IRPF por estar este Concello no ámbito subxectivo previsto no artigo 111 do TRLRFL.

A variación que se terá en conta axustarase ao contido das Ordenanzas Fiscais, axustando os padróns as variacións tendenciais da conxuntura económica. En relación cos tipos aplicables aos Impostos directos, está prevista a variación en relación co ano anterior, ademais das que xurdan dos axustes técnicos e os legais.

O Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, no seu artigo 4, establece que a formación e o mantemento do Catastro Inmobiliario, así como a difusión da información catastral, é de competencia exclusiva do Estado. En consecuencia, as variacións que se produzan no IBI e IBICES, te causa nas novas altas ou revisións e actualizacións dos obxectos tributarios existentes.

En canto as previsións polo IBI, BICES, IAE, IVTM, IIVTNU, a Dirección de Ingresos prevé un aumento, facendo os axustes de tipos e os que teñen causa na conxuntura económica.

En relación co imposto cedido polo Estado do IRPF, a súa variación estará en función da comunicación que faga o MINHAFP, que a esta data xa foi publicada. A variación vai ser do 13,1% en relación coas entregas do ano 2024, que estarán regularizadas a partires do mes de xullo.

Hai que ter en conta liquidación definitiva do ano 2022, que será moi relevante e deberíase prever nos capítulos correspondentes e de non ter información desagregada a mesma, farase esta previsión no capítulo IV.

A variación que se prevé neste capítulo é do 4,3% sobre os créditos iniciais do ano 2024.

CAPÍTULO 2 (Impostos indirectos, ICIO, Cesión IVE e Cesión II.EE).

Os ingresos resultantes dos impostos indirectos, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras non terá variación en relación con ano 2024.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 15 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Para a cesión do IVE e II.EE, manterase o mesmo criterio que o previsto para o IRPF, sempre tendo en conta as entregas a conta regularizadas cunha variación do 13,1%.

Tamén se prevé unha mellora na liquidación do ICIO.

A variación prevista é do 8,86% en relación coas previsións iniciais do ano 2024.

CAPÍTULO 3 (Taxas, prezos públicos, ocupación de dominio público, infraccións).

Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, teñen variación en relación co ano 2024, sempre tendo en conta a variación prevista nas Ordenanzas Fiscais e a variación tendencial. A variación é do 2,85% en relación co ano 2024.

CAPÍTULO 4 (Ingresos por transferencias de financiamento FCF, Fondo de Cooperación Local, Subvención a TUC, subvencións e cofinanciamento de servizos como o SAF e CEDRO), bonificación do servizo de TUC pola aplicación do Rd-lei 14/2022, pola liquidación do segundo semestre do ano 2024 con ingreso no ano 2025.

O concepto relevante deste capítulo é o do Fondo Complementario de Financiamento polas entregas a conta máis a liquidación do ano 2023.

O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, ten a súa orixe no Fondo Complementario de Financiamento (FCF) e na Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma.

En canto aos primeiros, as previsións para o concepto de FCF, vaise a axustar aos ingresos a conta do ano 2024 regularizados máis un crecemento do 13,1% comunicada.

Hai que ter en conta liquidación definitiva do ano 2023 que de non ter desagregada a contía, farase a previsión da totalidade no capítulo 4 que se estima en 8,4 millóns de euros.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma farase a previsión de acordo as entregas feitas máis a Liquidación, manténdose as contías do ano 2024.

En relación coa subvención para o Servizo de Axuda no Fogar ten en conta o aumento das horas de servizo que se van a prestar. A previsión estará en función das horas polo financiamento hora (620.000 horas de dependencia e 22.560 de libre concorrencia cun cofinanciamento de 12,5 euros/hora en dependencia e 2,8 euros/hora libre concorrencia).

Para o servizo do CEDRO mantense a contía das entregas a conta até a data.

A subvención ao transporte público colectivo urbano se prevé a mesma contía ca do ano precedente polo tanto, tampouco será obxecto de axuste, salvo que concorra algunha modificación de tipo legal que faga necesario facer algún tipo de axuste.

A variación neste capítulo é do (0,98%), tendo causa a mesma na liquidación definitiva pola cesión de tributos e o Fondo Complementario de Financiamento do ano 20223 en relación coa do ano 2022, que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 16 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



segundo estimacións da liquidación global por unha contía de 2.042 información do Ministerio de Facenda, fronte ao do ano 2022 por unha contía de 4.784 , estará nos 8,4 millóns de euros, fronte aos 19,6 millóns previstos no ano 2024 pola liquidación do ano 2022. Computa como variación negativa, os 1,6 millóns do convenio coa Deputación polo programa de mellora de firmes.

CAPÍTULO 5 (Ingresos patrimoniais).

Os ingresos patrimoniais proveñen de rendas de inmobles e rendementos financeiros. Os ingresos correspondentes a rendementos dos excedentes de tesourería, calcularanse ao tipo que están sendo retribuídos na actualidade, tendo en conta as IPFs e a contía das mesmas.

En relación cos rendementos mobiliarios, terase en conta a explotación por alugueiros do Auditorio Mar de Vigo e Zonas Complementarias. Neste concepto terase en conta as condicións do contrato de prórroga. A variación é positiva polos rendementos dos excedentes de tesourería.

A variación negativa é do (0,86%), sendo imputable á variación dos rendementos financeiros.

CAPÍTULO 6 (Alleamento de Investimentos reais).

As operacións de vendas de PMS, tendo en conta que están inventariadas na XMU, corresponderá ao Organismo Autónomo o seu rexistro. En relación coa venda de bens patrimoniais que se produzan na Entidade Local, se fose o caso, rexistraranse no acto no que se produza a mesma, tramitando a preceptiva modificación orzamentaria no estado de gastos pola contía da venda.

CAPÍTULO 7 (Transferencias e Subvencións de Capital).

O Capítulo VII de Transferencias e Subvencións de Capital do Orzamento de Ingresos, deberá ter en conta os convenios vixentes.

Si se producise algunha resolución de axudas finalistas en relación cos fondos do MRR, procederase a súa incorporación

Se se asinasen convenios de financiamento finalista con outras administracións antes de pechar a información do ano 2025, habería que incorporalos.

A variación inicial deste capítulo é dun 85,39%. Refléctese o convenio co MITMA en relación coas obras de mellora da Avd. De Madrid por unha contía de 6.100.000 euros e coa Deputación de Pontevedra polas obras de humanización da rúa S. Roque entre G.Espino e Ruiseñor, por unha contía de 1.569.494,74 euros, Vigo Vertical, P.Colmeiro Cunqueiro- Tarragona por unha contía de 1.918.713,53 euros, Vigo Vertical, rúa J. Benavente Torrecedeira, por 759.325,29 euros, Grada de Gol de Balaidos por 6.576.154,55 euros, Xunta de Galicia FMRR PSTD Bouzas, por unha contía de 649.400 euros, Xunta de Galicia FMRR PSTD Paseo de Granada 2.000.000 de euros.

En relación co financiamento da Xunta de Galicia dos FMRR PSTD Bouzas, 412.600 euros, están en aplicacións do capítulo 2, 4320.2270603 e 4320.2279910, sendo a contía total do financiamento do PSTD Bouzas para o ano 2025, 1.062.000 euros e a contía total do Plan para os anos 2024-2026, 2.000.000 de euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 17 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



A Área de Fomento, non achegou información adicional, polo que, considérase que non hai máis convenios asinados que os se reflicten.

CAPÍTULO 8 (Activos Financeiros).

Os activos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de anticipos de pagas a persoal, coa súa contrapartida en gastos, ambas contías son coincidentes e polos fondos MRR da XMU.

En aplicación do Documento nº 8 dos principios Contables Públicos, aprobados pola Comisión de Principios e Normas Contables Públicas e publicados pola IGAE, no Organismo Autónomo XMU, no capítulo 8 de ingresos, reflíctese a anualidade do ano 2025 que xa ingresou no ano 2023 pola totalidade do programa de vivenda, procedendo a presupostar inicialmente o Remanente de Tesourería Afectado pola contía do Plan do ano 2025 por unha contía de 2.318.500 euros, cuxos empregos se reflicten no capítulo 6 e 7 do estado de gastos.

CAPÍTULO 9 (Pasivos Financeiros).

Os pasivos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de operacións de crédito concertadas pola Corporación.

Nas políticas marcadas polo goberno, non está previsto a concertación de operación de débeda no ano 2025, estando os investimento financiados na súa totalidade polo superávit orzamentario.

Non hai variacións.

Financiamento finalista (A)

A.1) Empregos do CAPÍTULO 2 con financiamento finalista

C Orzament.	Aplicación gasto	Finalidade	Importe
42090	4411.4700001	Subvención ao Transporte Urbano Colectivo	1.747.600,77
42091	4411.4700001	Bonificación 30%, 2º semestre 2024	600.000,00
45002	2310.2279901	Lei de Dependencia, SAF	7.875.000,00
45003	3112.2279904	Programa Drogodependencia, CEDRO	541.039,00
45030	3230.2279904,5,6,7,8,12,13,14,15	Subvención EIM	497.914,00
75030	2270603, proxecto 25432050	Plan de residuos diferenciado PSTS; BOUZAS, FMRR	197.000,00
75030	2279910, proxecto 25432050	Transición dixital, declaración i. turístico,PSTS; BOUZAS, FMRR	215.600,00
Total			11.674.153,77

A.2) Empregos do CAPÍTULO 6 e 7 con financiamento finalista

Concepto	Proxecto	SUBVENCIONS DE CAPITAL	2025	2026
72091	23153291	Humanización Avd. De Madrid. MITMA	6.100.000,00	3.900.000,00
75030	24432050	PSTD Bouzas, FMRR, xestión Xunta de Galicia*	649.400,00	552.300,00
75031	25153231	Paseo de Granada PSTD, FMRR, xestión Xunta de Galicia	2.000.000,00	
76123	25153208	S. Roque entre G.Espino e Ruiseñor, Deputación	1.569.494,74	
76126	25153913	Vigo Vertical, P.Colmeiro Cunqueiro- Tarragona, Deputación	1.918.713,53	
76127	25153912	J.Benavente Torrecedeira, Deputación	759.325,29	
76110	14933010	Grada Gol Balaidos, Deputación	6.576.154,55	6.576.154,55
Total			19.573.088,11	11.028.454,55



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 18 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Axustes de consolidación (B)

Aplicación	Institución	Importe
1510.4100000	Transferencia de financiamento á XMU	6.155.000,00
3330.4890003	Transferencia de financiamento á FUNDACIÓN MARCO	750.000,00
4320.4890000	FUNDACIÓN CONVENTIUN BUREAO	225.000,00
Total		7.130.000,00

Transferencias a outras Administracións, achegas que fai o Concello non son finalistas (C)

Aplicación	Institución	Importe
3330.4890001	FUNDACIÓN LAXEIRO	95.000,00
3330.4890000	FUNDACIÓN LISTE	125.000,00
3410.4890002	FUNDACIÓN VIDE	125.000,00
9420.4630000	MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO	180.000,00
9420.4680000	ENTIDADE MENOR DE BEMBRIBE	320.000,00
TOTAL (B)		845.000,00

Axustes de recadación de Contabilidade Local e Nacional para a liquidación do ano 2024

Concepto	Capítulo	Importe
Axuste (-) recadación	1	-1.567.482,19
Axuste (-) recadación	2	13.585,19
Axuste (-) recadación	3	-1.742.603,72
Axuste (+) CN PTE		163.337,25
Axuste (+) CN.Liquidación 2020		2.987.006,20
Axuste (-) FMRR, Entidade, PSTD		-4.000.000,00
Axuste (+) FMRR, XMU,Plan vivenda		2.135.087,79
Total axustes		-4.146.157,27

Axustes en Regla de gasto por variación na recadación con causa nas actualizacións das O.F

Conceptos	Recadacion 2023	Variación 4%	Recaud. 2024/2023	Diferencia (D-B)	Recad. 2025/2024	Diferencia (F-D)
IBI	66.171.866,58	2.646.874,66	68.818.741,24	2.646.874,66	71.571.490,89	2.752.749,65
BICES	2.608.404,34	104.336,17	2.712.740,51	104.336,17	2.821.250,13	108.509,62
IVTM	13.129.598,25	525.183,93	13.654.782,18	525.183,93	14.200.973,47	546.191,29
IAE	12.957.189,52	518.287,58	13.475.477,10	518.287,58	14.014.496,18	539.019,08
ICIO	2.863.041,35	114.521,65	2.977.563,00	114.521,65	3.096.665,52	119.102,52
Taxa 30	16.183.839,52	647.353,58	16.831.193,10	647.353,58	17.504.440,82	673.247,72
Taxa 31	9.526.884,33	381.075,37	9.907.959,70	381.075,37	10.304.278,09	396.318,39
Taxa 33	9.180.681,84	367.227,27	9.547.909,11	367.227,27	9.929.825,48	381.916,36
Taxa + PP.34	2.842.274,11	113.690,96	2.955.965,07	113.690,96	3.074.203,68	118.238,60
Total	135.463.779,84	5.418.551,19	140.882.331,03	5.418.551,19	146.517.624,27	5.635.293,24





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL/DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 91/142

Limite do gasto non financeiro 2025 = Liquidación₂₀₂₄ axustada*TRCPIB₂₀₂₅; 2,7% + variacións permanentes en ingresos, art. 12,4 LOEPSF.

Inexecucións estados consolidados

Capítulo	%	consolidado	Inexecución
1	10,00%	86.703.986,35	8.670.398,64
2	2,00%	162.124.603,23	3.242.492,06
4	2,00%	33.543.350,46	670.867,01
6	5,00%	45.447.379,62	2.272.368,98
7	10,00%	3.899.089,04	389.908,90
Total			15.246.035,59

Estado de gastos consolidado (Entidade Local, XMU, Fundación Marco e Convention Bureau)

Capítulo	2024			Estimado Obl.Recoñecidas
	Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	
1	83.801.122,95	84.411.935,80		69.819.404,47
2	159.889.722,36	181.006.669,38		169.302.646,98
3	51.780,00	51.780,00		49.253,50
4	31.928.535,66	38.157.513,18		35.893.137,52
5	600.000,00	600.000,00		,00
G. Corrente NF	276.271.160,97	304.227.898,36		275.064.442,46
6	37.429.215,13	84.448.524,02		39.233.726,64
7	2.828.046,62	8.012.115,42		2.845.161,21
G. capital NF	40.257.261,75	92.460.639,44		42.078.887,85
G. Non Financ.	316.528.422,72	396.688.537,80		317.143.330,31
8	532.000,00	532.000,00		399.000,00
Total	317.060.422,72	397.220.537,80		317.542.330,31

2025	Variación 25/24
86.703.986,35	3,46%
162.216.603,23	1,46%
51.780,00	0,00%
33.514.350,46	4,97%
600.000,00	0,00%
283.086.720,04	2,47%
45.434.379,62	21,39%
3.899.089,04	37,87%
49.333.468,66	22,55%
332.420.188,70	332.420.188,70
532.000,00	
332.952.188,70	

Estado de ingresos Consolidado (Entidade Local, XMU, Fundación Marco e Convention Bureau)

Capítulo	2024			Estimado Der. Rcoñecidos
	Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	
1	117.410.785,66	117.410.785,66	100,00%	117.410.785,66
2	10.922.786,87	10.922.786,87	100,00%	10.847.062,67
3	44.766.937,87	44.766.937,87	105,00%	46.378.993,25
4	124.184.305,57	128.209.844,44	98,00%	129.488.667,25
5	5.809.000,00	5.864.000,00	100,00%	5.841.000,00
I. Corrente NF	303.093.815,97	307.174.354,84		309.966.508,83
6	,00	,00		,00
7	11.299.518,96	14.822.618,96	80,00%	14.683.380,19
I. capital NF	11.299.518,96	14.822.618,96	99,06%	14.683.380,19
Total I. NF	314.393.334,93	321.996.973,80	100,82%	324.649.889,02
8	2.667.087,79	75.223.564,00	75,00%	399.000,00
Total	317.060.422,72	397.220.537,80	81,83%	325.048.889,02

2025	Variación 25/24
122.496.937,00	4,33%
11.890.366,48	8,86%
46.041.989,10	2,85%
122.964.842,59	-0,98%
5.759.000,00	-0,86%
309.153.135,17	2,00%
20.948.553,53	85,39%
20.948.553,53	85,39%
330.101.688,70	330.101.688,70
2.850.500,00	
332.952.188,70	

ASINADO POR: DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN - (LUIS GARCÍA ÁLVAREZ) 18/08/2024 19:22:41 | INTERVENTOR XERAL - (ALBERTO ESCARIZ COUSO) 19/08/2024 09:11:36

Documento asinado





Desagregación capítulo 1 e 2

Concepto		2024
IBI	71.603.000,00	71.603.000,00
BICI	2.970.000,00	2.970.000,00
IAE	13.961.000,00	13.961.000,00
IVTM	15.325.630,00	15.325.630,00
IVTNU	5.400.000,00	5.400.000,00
ICIO	2.901.000,00	3.100.000,00
irpf+ive+iiee	16.172.942,53	15.898.218,33
Suma	128.333.572,53	128.257.848,33
FCF+Liq	104.712.243,60	104.752.571,00

2025
74.767.080,00
77.856,00
14.441.000,00
15.367.391,00
5.400.000,00
3.201.000,00
18.121.832,48
131.376.159,48
104.669.743,71

Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

Capítulos	D.Axustados	Obrigas	2024 Sperávit/déficit
1	115.843.303,47	69.819.404,47	
2	10.860.647,86	169.302.646,98	
3	44.636.389,53	49.253,50	
4	129.488.667,25	35.893.137,52	
5	5.841.000,00	0,00	
O.correntes N.F	306.670.008,11	275.064.442,46	31.605.565,65
6	0,00	39.233.726,64	
7	14.683.380,19	2.845.161,21	
Op. Capital N.F	14.683.380,19	42.078.887,85	-27.395.507,66
O.N.financeiras	321.353.388,30	317.143.330,31	4.210.057,99
	Axuste CN, PTE		163.337,25
	Axuste CN, liquidación 2020		2.987.006,20
	Axustes polos FMRR		-4.000.000,00
	Axuste RLT Xerencia		2.000.000,00
Capacidade de financiamento			5.360.401,44

2025	
Ingresos	Gastos
122.496.937,00	86.703.986,35
11.890.366,48	162.216.603,23
46.041.989,10	51.780,00
122.964.842,59	33.514.350,46
5.759.000,00	600.000,00
309.153.135,17	283.086.720,04
0,00	45.434.379,62
20.948.553,53	3.899.089,04
20.948.553,53	49.333.468,66
330.101.688,70	332.420.188,70
Axuste FMRR	-2.318.500,00
	330.101.688,70

(F199-G204) ,00

Hai cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nas liñas fundamentais para o ano 2025, condición que xa se cumpría no marco orzamentario.

En canto á estimación de peche do ano 2024, prevese que se de cumprimento ao obxectivo.

Regra de gasto

Hai previsión que se de cumprimento ao obxectivo de evolución do GNF tanto no ano 2024 como no ano 2025.

En canto a débeda financeira viva, hai que informar que non hai saldos vivos pendentes de amortizar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 21 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZMHMB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Obxectivo de débeda pública.

O artigo 13 da LOEPSF, establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública, a esta data está fixado a porcentaxe do 1,4% e 1,3% para os anos 2024 e 2025, as EE.LL pecharon o ano 2023 cun endebedamento neto aos efectos do PDE, do 1,6% sobre o PIB.

Regla de Gasto

REGRA DE GASTO 2024	2,60%	TRCPIB
----------------------------	--------------	--------

Grupo	GNF2023	Límite GNF	GNF executado.P	Axustes, incluíndo os de consolidación e as medidas normativas permanentes, Δ do 4% nas OF							GNF axustado
				F.Europeos	A.Central	CA	Deputación	Outros	Consolidac.	Axuste recad.	
Concello	256.652.344,05	263.325.305,00	311.867.380,30	9.689.042,00	6.402.186,00	12.652.072,00	5.383.697,00	827.015,00	6.929.863,00	5.418.551,19	264.564.954,11
XMU	7.803.471,04	8.006.361,29	10.897.642,86	2.948.061,00	776.384,00	415.930,00					6.757.267,86
MARCO	1.166.645,10	1.196.977,87	1.019.168,12								1.019.168,12
C.BUREAU	700.933,60	719.157,87	489.139,04								489.139,04
	266.323.393,79	273.247.802,03	324.273.330,31	12.637.103,00	7.178.570,00	13.068.002,00	5.383.697,00	827.015,00	6.929.863,00	5.418.551,19	272.830.529,12

REGRA DE GASTO 2025	2,70%	TRCPIB
----------------------------	--------------	--------

Incr.permant.rec	Total Limite/2025	GNF/2025	Inexecucion	Traf.financiacion	A.Consolidacion	Axust.AC	Axust.CA	Axust.Deput.	T/2025 axustado
5.635.293,24	277.343.501,11	326.177.277,20	-15.246.035,59	-845.000,00	-7.130.000,00	-8.447.600,77	-11.976.553,00	-10.823.688,11	271.708.399,73
,00	6.939.714,09	11.778.461,50							11.778.461,50
,00	1.046.685,65	1.067.000,00							1.067.000,00
,00	502.345,79	527.500,00							527.500,00
5.635.293,24	285.832.246,65	339.550.238,70	-15.246.035,59	-845.000,00	-7.130.000,00	-8.447.600,77	-11.976.553,00	-10.823.688,11	285.081.361,23

Conclusión

En aplicación do marco normativo e das directrices en relación coas magnitudes tendenciais e de formación dadas polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda, estas son as liñas fundamentais dos orzamentos para o ano 2025 e a previsión de Liquidación do Orzamento do ano 2024, que serán enviados ao Ministerio de Facenda para dar cumprimento ao requirimento antes das 24 horas do día 14/09/2024.

Queda incorporado ás mesmas os convenios vixentes en relación co cofinanciamento doutras administracións.

Hai cumprimento das regras fiscais, tanto na previsión da Liquidación 2024 como das previsións do proxecto orzamentario 2025.

En relación coa previsión de Liquidación do Orzamento do 2024 tívose en conta as dotacións orzamentarias vixentes, polo que, de xurdir algún gasto extraordinario antes do peche, non estaría computado nesta previsión, aínda que xa está prevista a modificación 11,11A/24 en trámite.

En Vigo á data da sinatura electrónica.

O Tesoureiro-Responsable Superior Contable e Orzamentario: Luís García Álvarez

O Interventor Xeral Municipal: Alberto Escariz Couso



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/10/2024 16:39	Páxina 22 de 22
91-142	CSV: A5A158-EF4HCB-CDDDBH-YZHMHB-PFRRE9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		